



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERVO E A COMISIÓN DE FESTAS DE SANTA ISABEL.

En Cervo a 19 de decembro de 2018.

De unha parte, José Manuel Lamelas Eijo, con DNI 33.817.901 N, en calidade de presidente da comisión de festas de Santa Isabel con NIF G27227594.

De outra parte, Alfonso Villares Bermúdez, en calidade de alcalde-presidente do concello de Cervo, que actúa en nome e representación do mesmo en virtude das competencias recoñecidas polo artigo 21 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que o concello de Cervo, en exercicio das súas competencias recollidas nos artigos 25 e 28 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, está interesado en promover e colaborar coa realización das festas de Santa Isabel.

SEGUNDO: Que a comisión de festas de Santa Isabel como organizadora das devanditas festas, solicitou do concello unha axuda económica para sufragar os gastos derivados das mesmas.

En base ó anteriormente exposto, o concello de Cervo e a comisión de festas de Santa Isabel asinan o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración económica entre o concello de Cervo e a comisión de festas de Santa Isabel para a realización das ditas festas.

Segunda.- O concello de Cervo aportará, en concepto de subvención nominativa, a cantidade de 3.000 € con cargo á partida 338.48903, á comisión de festas de Santa Isabel, para a realización das devanditas festas.

Terceira.- A comisión de festas de Santa Isabel comprométese a xustificar os gastos subvencionados mediante as correspondentes facturas orixinais ou copias compulsadas ata un importe do total do subvencionado no prazo máximo de 3 meses dende a notificación da concesión da subvención, así como a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar, no seu caso o órgano competente, e comunicar ó Concello a concesión de outras axudas que financien as actividades subvencionadas.

Cuarta.- O pagamento da subvención realizarase previa xustificación dos gastos de acordo co establecido na cláusula terceira.

Quinta.- Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos previstos no presente convenio
- A falta de xustificación da subvención concedida.



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-13

En proba de conformidade cos termos do convenio ámbalas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O alcalde

Presidente comisión de festas de Sta. Isabel

Alfonso Villares Bermúdez

José Manuel Lamelas Eijo

